



PROGRAMACION

XERAL ANUAL

Club de lectura “ A Madorra”

2023 – 2024



Sumario

1.- OBXECTIVOS.....	3
2.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	3
3.- ACTIVIDADES.....	4
5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E PARTICIPACIÓN DO ANPA.....	4
6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO.....	5
7.- BIBLIOTECA ESCOLAR.....	5
8.- VISIBILIDADE. DIFUSIÓN.....	5



“A Madorra” 2023-2024

Centro: CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios

1.- OBXECTIVOS

O propósito fundamental do club de lectura “A Madorra” é en primeiro lugar crear un club de lectura no CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios.

Tamén queremos en segundo lugar conseguir implicar ao alumnado, profesorado e ANPA do colexio, promover a lectura e a cultura galega, dentro do entorno no que se atopa o centro, Panxón.

En terceiro lugar compartir experiencias lectoras ao tempo que promovemos o proxecto de centro que neste curso académico é “Xogos Olímpicos e “Vida saúdale”.

Finalmente o último obxectivo será integrar ao alumnado do centro que queira de forma voluntaria participar nel. Formar grupos pequenos poñendo especial interese en que se integren no club varóns adolescentes e alumnado con necesidades educativas.

2.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. Coordinación.

O club de lectura estará coordinado pola profesora Consuelo Fernández González.

2.2. Reunións

As reunións dos grupos do club de lectura serán mensuales, é dicir, unha vez ao mes realizarase unha reunión no recreo, na biblioteca escolar.

Tamén se realizarán dúas sesións de tarde na biblioteca escolar con cada grupo de lectura.

Captación de alumnado; a profesora coordinadora do club de lectura adicará un tempo para pasar polas aulas para motivar ao alumnado, e tentar que o alumnado participe no club de lectura.

2.3. Os grupos programados .

Liña 1. “**Vida saúdale e xogos olímpicos**” para o alumnado de primaria, o profesor guía este grupo será Pablo Fernández profesor de Inglés.



Liña 2 “**Lecturas en Galego**” para o alumnado de 1º e 2º ESO a profesora guía deste grupo será Carme Vilar e María Zapatero, profesora de Lingua Galega e de Bioloxía.

Liña 3 “**A lectura e a ciencia: recoñecemento do territorio**” para o alumnado de 3º e 4º ESO a profesora guía deste grupo será Consuelo Fernández González profesora de Tecnoloxía.

3.- ACTIVIDADES

A actividade principal será a lectura sen restricións de xénero, autor ou época. A lectura en solitario ou compartida, ou simultánea, segundo se programe na posta en común co alumnado e profesorado do grupo.

Liña 1. Programaranse tres lecturas unha por trimestre. Centrándose no proxecto do centro “Xogos Olímpicos e Vida Saúdable” e “Iniciación á lectura compartida”, tamén se tentará utilizar as TIC para motivar ao alumnado e dar publicidade ao club de lectura.

Liña 2. Programaranse tres lecturas unha por trimestre. Centrándose no proxecto do centro “Xogos Olímpicos e Vida Saúdable” e “Iniciación á lectura compartida”, tamén se tentará utilizar as TIC para motivar ao alumnado e dar publicidade ao club de lectura.

Liña 3 . Comezarse co libro de “A praia dos afogados”, que non é outra que a praia da Madorra, que da título ao noso clube de lectura.

A elección deste título é debido a que a praia “Da Madorra”, está preto do centro e o alumnado recoñécea perfectamente xa que levamos anos realizando actividades de recollida de residuos na mesma.

Petición ao concello de Nigrán, onde nos atopamos, realizar un roteiro literario.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E PARTICIPACIÓN DO ANPA

Tentarase reunir un grupo de entre 7 e 8 persoas por grupos, alumnado e nais, pais ou titores legais do ANPA do CPI PI. Arquitecto Palacios.

Na primeira reunión do club de lectura fomentarse a participación do alumnado na escolla de libros do seu interese.



6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO

Catro profesores implicáronse na participación deste club de lectura e tivemos o visto e bo do equipo directivo que promoveu a iniciativa, o equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca.

7.- BIBLIOTECA ESCOLAR

O club de lectura estará enmarcado no plan de actividades da biblioteca escolar.

A biblioteca escolar cederá o seu espazo para albergar nos recreos ao alumnado do club e a coordinadora encargárase de solicitar os libros a mercar e o material necesario para levalo a cabo.

8.- VISIBILIDADE. DIFUSIÓN

Utilizarase o blog da biblioteca para facer balance trimestral do que se irá facendo no club e así animar a máis rapaces a unirse ao club de lectura do centro.